

O día das profesións

issga
Instituto Galego
de Seguridade e Saúde Laboral

O día das profesións

Como todos os anos no mes de marzo na escola de Xoán festexábase o día das profesións. Tratábase dun día no que os nenos acudían á escola cos seus pais e explicábanlle aos seus compañeiros en que consistía o seu traballo.

Xoán ten 5 anos e o seu soño é ser bombeiro ou piloto de carreiras, encántalle correr na súa bici, aínda que máis dunha vez levou

un bo susto cando caeu dela; é un neno moi activo, nunca para quedo, a súa nai sempre lle di que é un trasto.

O pai de Xoán, Antonio, é albanel e traballa na construción; a súa nai, María, traballa nunha peixaría. Xoán sempre sentiu curiosidade polo traballo dos seus pais, e non para de facerlles preguntas sobre o que fan, os aparellos que empregan, etc.

Como todos os días María levanta a Xoán da cama para ir á escola, aínda que hoxe é un día especial, eles van ser os protagonistas do día!

Xoán érguese da cama emocionado e baixa

correndo a almorzar, toma todo o almorzo sen chiar, vístese e cepilla os dentes, é o primeiro en rematar! e mételles présa os seus pais. Quere ser o primeiro en chegar á escola.

Ás portas da escola atópase cos seus compañeiros, saúda os seus amigos Dani e Quique e vai a xogar con eles.

É a hora de entrar e presentar os seus pais, coma noutras ocasións Xoán levántase voluntario para comezar. Primeiro presenta o seu pai:

— Ola a todos! Este é o meu pai, chámase Antonio e é albanel.

COLEXIO



– Moi ben – responde a mestra – e a túa nai? – pregúntalle

– Esta é a miña nai, chámase María e traballa nunha peixaría.

– Estupendo! – dille a mestra – agora contanos algo sobre o traballo de teu pai...

– Pois meu pai constrúe casas, tamén fixo a nosa, traballa con ladrillos, con cemento... e con todas esas cousas... (rise timidamente).

– Veña Xoán, imos dicirlle o teu pai que lle conte algo máis do seu traballo aos teus compañeiros, pareceche ben?

– Si.

– Ola rapaces! – saúda Antonio – como xa vos dixo Xoán, son albanel, e traballo facendo casas ou arranxándoas. Para o meu traballo é preciso levar algunhas medidas de protección, sabedes dicirme algunha medida de protección que coñezades?

– O casco!!! – gritan varios rapaces á vez.

– O casco! moi ben, o casco hai que levalo sempre posto para evitar golpes na cabeza, vouvos ensinar o meu casco de traballo.

Antonio saca unha caixa na que trae algunhas cousas para mostrarlle aos rapaces o seu casco azul.



– ¿Querédelo probar? – pregunta Antonio.

– Siiiiiiiiiiii!!!! – Responden os nenos.

Antonio vailles pasando o casco para que o proben, mentres os nenos proban o casco Antonio saca un arnés da caixa.

¿Sabedes para que serve isto?

Os nenos miran o arnés cun pouco de desconcerto ata que un atreveuse a dicir:

– É para non caer cando sobes a un sitio moi alto..., o meu pai pono cando ten que cortar as árbores do xardín.

– Moi ben – dille Antonio – serve para traballar nas alturas, todos os albaneis temos

que poñelos cando traballamos nas estadas para evitar un accidente.

— Agora vóuvos ensinar alguhas cousas máis que uso no meu traballo...

Antonio saca da caixa unhas luvas e unhas botas e ensínallelas os rapaces.

— Outras cousas que teño que utilizar cando traballo son as luvas para non mancarme as mans, ou queimalas... e as botas, estas botas son especiais, tocade a punta...

Antonio pásalles a bota e os nenos van tocando a punteira da bota que está moi dura.

— Está moi dura — dille Xoán o seu pai.

– Si Xoán, é sabedes por qué está tan dura?


– Non!

– Como eu traballo con cousas moi pesadas, e fácil que algunha se me poida caer no pé e mancarme, deste xeito é máis difícil que me manque nos dedos dos pés!!! – rise Antonio.

– Moitas grazas Antonio – dille a mestra.

– Agora María, a nai de Xoán vainos explicar o que fai ela todos os días no seu traballo.

– Ola nenos! – saúda María – gústame moito poder estar hoxe convosco aquí na escola. Eu traballo todos os días nunha peixaría, se-



guro que todos teredes ido a algunha cos vossos pais ou cos avós... verdade?

– Siiii!!!! – responden os nenos.

– Os peixes que vedes nas peixarias témoslos que manter frescos, por iso traballamos con xeo e con auga, por ese motivo temos que levar botas especiais para manter os pes secos.

Son botas como estas – María móstralles os rapaces unhas botas de auga brancas – son de goma e evitan que os pés se nos mollen cando estamos a traballar. Tamén utilizamos estas luvas – ensínalles unhas luvas de malla metálica – sabedes para que se utilizan estas luvas?

Os nenos quedan mirando as luvas un pouco estrañados e unha nena di:

Eu nunca vin unhas luvas coma esas, de qué están feitas?

Pois son unhas luvas de metal, utilízanse cando temos que usar coitelos moi grandes e afiados para cortar os peixes, evitan que nun descoido nos poidamos cortar. ¿Querédelos probar? – pregunta María.

Eu si – responden varios dos nenos.

María pásalles a luva de malla mentres mira a reacción dos nenos ao tocalo.

Rapaces!!! – interrompe a mestra – é hora

de rematar, deámoslles as grazas os pais de Xoán por vir a visitarnos hoxe.

Grazas!!! – gritan os nenos.

A mañá continúa, e os pais dos compañeiros de Xoán contan tamén en que traballan, algúns traballan nunha oficina, outros son policías, algúns traballan no campo... Os nenos están ilusionados con poder ter os seus pais na escola xunto a eles.

Rematou o día e Xoán mais os seus compañeiros regresan a casa cos seus pais. Xoán está entusiasmado coa idea de poder acompañar os seus pais algún día ao

traballo para poder ver todas as cousas das que lle falaron os seus pais.

A mañá seguinte, Xoán esperta, é sábado e non hai escola, polo que baixa a almorzar disposto a xogar todo o día coa súa bicicleta. Sae á rúa, fai un día moi soleado, colle a bici e comeza a pedalear, cada vez máis rápido... De pronto Xóan perde o equilibrio e cae ao chan, dóelle a perna, ten unha ferida no xeonllo, un veciño ve a Xoán no chan e achegase a el.

– Pero Xoán, que che pasou – pregúntalle o seu veciño.

– Caín da bici – respóndelle Xoán cos ollos chorosos.



— Xoán, hai que ir con precaución; veña, voute levar á túa casa.

Cando chegan á casa, a nai de Xoán abre a porta estrañada pola pronta volta do seu filllo.

— Pero Xoán, caíches da bicicleta outra vez?

— Si — dille Xoán choroso.

— Onte non aprendiches nada na escola? — dille súa nai — Teu pai contouvos onte que para previr os accidentes empregábanse distintas medidas de protección, por exemplo o casco, as luvas ... — acórdaste?

— Si que recordo, pero eu non traballo facendo casas como papá...



– Claro que non Xoán, pero ti tamén podes empregar proteccións cando vas na bici ou no monopatín, tes que poñer o casco, as xeonlleiras e os reforzos nos cóbados que che regalamos polo teu aniversario; deste xeito seguro que agora non terías unha ferida no xeonllo.

– É certo mamá, vounas buscar, téñoas no meu cuarto.

– E a túa ferida, xa non che doe?

– Non mamá, estou ben! – bérralle Xoán.

Xoán sobe ao seu cuarto e busca o casco e as rodilleiras que lle regalaran polo seu aniversario, atópaos na caixa dos xoguetes e axiña os pon e volta subir á bicicleta.



- Xoán, Xoán !!! – escóitase por atrás.
- Xóan mira cara a atrás e ve os seus amigos chamando por el, detense e baixa da bici.
- Hola Xoán, que che pasou no xeonllo?
- Caín da bicicleta...
- E ese casco, por qué o levas?
- Por se volvo caer da bici non mancarme, como dixo o meu pai onte no colexio: para evitar os accidentes hai que tomar medidas de prevencion!!!
- Deste xeito Xoán e os seus amigos aprenderon que é necesaria a prevención para

evitar accidentes, non só cando se traballa,
senón tamén cando se xoga.

Así que xa sabedes, moito coidado !



issga
Instituto Galego
de seguridade e saúde laboral



**XUNTA
DE GALICIA**